

Asistentes:

- D. Mateo Alonso Corredera (Presidente)
- D. Patricio Salgado Alonso (Secretario).
- D. Jose Javier Fandiño Núñez (Vogal)

En Vigo, ás 17:00 horas do 09 de 44  
Novembro de 2022, e coa asistencia dos  
membros mencionados na marxe, celébrase  
xuntanza da Xunta Electoral da Federación  
Galega de Xadrez para rectificar o acta realizada  
no día de onte (08/11/2022), có seguinte orde do  
día:

*Orde do día:*

1. *Proclamación provisional de candidatos a Presidente e Comisión Delegada.*
2. *Convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para elección de Presidente e Comisión Delegada.*

### **1. Proclamación provisional de Candidatos a Presidente e Comisión Delegada.**

A Xunta Electoral recibiu no día de onte (08/11/2022) realizada e publicada o acta cá proclamación provisional de candidatos a Presidente e Comisión Delegada, por correo certificado dúas candidaturas á Presidencia da FEGAXA de D. Jose Carlos Pena Torres:

- Unha candidatura con 5 avales
- E outra candidatura con 6 avales.

Solicitouse ao novo candidato os xustificantes de envío de ambas cartas para cerciorar que ambas foron enviadas en tempo e forma.

Tras estudar a documentación aportada e que o candidato cumpre os requisitos estipulados no artigo 21 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez, esta Xunta Electoral **RECTIFICA** a proclamación provisional de Candidatos a Presidente e Comisión Delegada realizada na reunión do 08 de Novembro de 2022; sendo a proclamación provisonal de Candidatos a Presidente e Comisión Delegada a seguinte:

#### **Presidente:**

Ao amparo do disposto no artigo 21 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez (FEGAXA), rematado o prazo para presentar candidaturas á Presidencia da FEGAXA, proclámase o listaxe provisional de candidatos (ao presentar máis do 10% de avales dos membros da asemblea xeral tal e como indica o punto 3 do artigo 21 do Regulamento Electoral):

- D. Gaspar Pérez Carnero.
- D. Jesús Rodríguez **Pérez(\*)**
- D. Jose Carlos Pena Torres.

(\*) Rectifícase o segundo apelido dun dos candidatos.

#### **Comisión Delegada:**

As solicitudes recibidas son admitidas por cumprir o estipulado no punto 3 do artigo 25 do Regulamento Electoral, quedando proclamados provisionalmente candidatos á Comisión Delegada:

- Por Entidades Deportivas (3 prazas):
  - Club de Xadrez Laroca.
  - Club de Iniciativas Deportivas Universitarias.
  - Club Xadrez Fontecarmoa.
  - Club de Ajedrez Escola Padrón.
- Por Deportistas (1 praza):
  - D. Jose María Dorado Reboredo.
- Por Árbitros (1 praza):
  - D. Francisco Javier Ogando González.
- Por Adestradores (1 praza):
  - D. Diego Adrián Espiñeira González



**2. Convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para elección de Presidente e Comisión Delegada.**

Convócase en tempo e forma polo Presidente desta Xunta Electoral, D. Mateo Alonso Corredera, dacordo ao Calendario e Regulamento Electoral; **reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria para o 03 de Decembro de 2022** no Salón de Actos da Casa do Deporte de Vigo ás 17:00 en primeira convocatoria e ás 17:30 en segunda convocatoria.

Non habendo nada máis que tratar, levántase a sesión ás 17:39 horas.

Vº e praxe:

D. Jose Javier Fandiño Núñez  
Vogal da Xunta Electoral

D. Patricio Salgado Alonso  
Secretario da Xunta Electoral

D. Mateo Alonso Corredera  
Presidente da Xunta Electoral

